MYKES

Boletín do Grupo Micolóxico Galego
"Luis Freire"

Volume 24
2021

GRUPO MICOLÓXICO GALEGO

Aportación ao coñecemento da micobiota do Alto Minho, Portugal (III): freguesías de Pias e Riba de Mouro, Monção

por
M. L. Castro*

Castro, M. L. 2021. Aportación ao coñecemento da micobiota do Alto Minho, Portugal (III): freguesías de Pias e Riba de Mouro, Monção. *Mykes* 24: 9-36.

Resumo

Neste traballo enuméranse 54 taxons, 3 do phylum *Ascomycota* e 51 de *Basidiomycota* recollidos na rexión do Alto Minho (Portugal). Destaca a presenza de *Aureoboletus gentilis* (Quél.) Pouzar, *Cantharellus melanoxeros* Desm., *Conocybe filaris* (Fr.) Kühner, *Cortinarius subvariiformis* Bidaud, *Cortinarius venetus* (Fr.) Fr., *Hemimycena hirsuta* (Tode) Singer, *Mycena amicta* var. *iris* (Berk.) Bon e *Pholiota flavida* (Schaeff.) Singer, taxons pouco frecuentes.

Palabras clave: macromicetos, Portugal, Alto Minho, noroeste ibérico.

Castro, M. L. 2021. Contribution to the knowledge of the micobiota of Alto Minho, Portugal (III): freguesías de Pias e Riba de Mouro, Monção. *Mykes* 24: 9-36.

Summary

In this paper we have studied 54 taxa, 3 of the *Ascomycota* Phylum and 51 of *Basidiomycota*, collected in the Alto Minho (Portugal). The presence of *Aureoboletus gentilis* (Quél.) Pouzar, *Cantharellus melanoxeros* Desm., *Conocybe filaris* (Fr.) Kühner, *Cortinarius subvariiformis* Bidaud, *Cortinarius venetus* (Fr.) Fr.,

*Laboratorio Micoloxía, Facultade de Bioloxía, Campus As Lagoas-Marcosende, Universidade de Vigo, E-36310-Vigo; correo: *lcastro@uvigo.es*

Hemimycena hirsuta (Tode) Singer, *Mycena amicta* var. *iris* (Berk.) Bon e *Pholiota flavida* (Schaeff.) Singer, infrequents taxa.

Keywords: macromycetes, Portugal, Alto Minho, nortwestern Iberian Peninsula.

Introdución

Apórtanse novos taxons ao catálogo micolóxico da Freguesía de Pias (Monção), continuación dos artigos de Castro *et al*. (2019), recompilación de exposición micolóxica para a que non foran conservadas *exsiccata,* e de Castro (2019, 2020). O material foi apañado en diversos lugares da freguesía, a baixa altitude, en zona de clima suave, próxima ao océano atlántico e a desembocadura do rio Miño, con elevada humidade ambiental, tanto pola precipitación como polas fortes néboas durante a maior parte do ano (Castro, 2019). As masas forestais visitadas están formadas por masas autóctonas de carballos (*Quercus robur* L.) e loureiros (*Laurus nobilis* L.), intercaladas con zonas de repoboación con piñeiro marítimo (*Pinus pinaster* Ait.), que sufriron fortes incendios durante o verán do 2019.

E no alto de Santo António de Vale de Poldros (Freguesía Riba de Mouro) a 1200 m de altitude, en terreo húmido, rico en brañas (brandas en portugués), clima extremo, moi frío en inverno e extremadamente quente no verán, con fortes ventos. A vexetación está formada por plantacións densas de *Pseudotsuga menziesii*, nas que o sotobosque carece de vexetación, a excepción de abundantes mofos, e de bidueiros (*Betula pubescens*) e castiñeiros (*Castanea sativa*), próximos á capela, con sotobosque herbáceo.

Metodoloxía

Para a identificación das coleccións usáronse obras básicas: Bas *et al*., 1990, 1995, 1999; Noordeloos *et al*., 2001, 2005, 2018; Berniccia, 2005, Læssøe & Petersen, 2019, para basidiomicetos, e Dennis, 1981 e Medardi, 2006, para ascomicetos, ademais de artigos específicos e monografías,

algúns dos cales se mencionan nas observacións de cada taxon. As *exsiccata* depositáronse na micoteca UVIGO-Fungi (Universidade de Vigo).

Catálogo de especies

Enuméranse os 54 taxons estudados, por phylum, orde, familia e especie. No phylum *Ascomycota*, aparecen 2 ordes, 3 familias e 3 especies, seguido do phylum *Basidiomycota*, con 9 ordes, 18 familias e 51 taxons, ordenados alfabeticamente. En cada un deles indícase o *binomem*, actualizado segundo a base nomenclatural Index Fungorum (en liña), Séguese o marco taxonómico indicado por Kirk *et al.* (2008), modificado por Wijayawardene *et al.* (2018) e Zhao *et al*. (2017). Entre estes taxons destaca a presencia de *Aureoboletus gentilis* (Quél.) Pouzar, *Cantharellus melanoxeros* Desm., *Conocybe filaris* (Fr.) Kühner, *Cortinarius subvariiformis* Bidaud, *Cortinarius venetus* (Fr.) Fr., *Hemimycena hirsuta* (Tode) Singer, *Mycena amicta* var. *iris* (Berk.) Bon e *Pholiota flavida* (Schaeff.) Singer, pouco frecuentes tanto no territorio de estudo como no resto da Península Ibérica.

Nos taxons considerados conflitivos ou interesantes indícanse algunhas observacións relacionadas con eles. Tamén figura a distribución corolóxica no noroeste ibérico (Rodríguez-Vázquez & Castro, 2018-20; Fernández-Ricón *et al.,* 2019) e, sempre que foi posible ou a consideramos interesante, a distribución mundial indicada en GBIF Secretariat (2020).

Phylum *Ascomycota*

Orde *Pezizales*: familia *Helvellaceae*

***Helvella lacunosa* Afzel**, *Kongl. Vetensk. Acad. Nya Handl.*, 4: 303. 1783

Pias, bosque mixto, 10-III-2021, *leg.* J.M. Ponte, UVIGO-Fungi 394.

Especie frecuente no noroeste peninsular (Rodríguez-Vázquez & Castro, 2018-20), igual que ocorre no distrito de Bragança (Fernández-Ricón *et al.,* 2019).

Orde *Pezizales*: familia *Pyronemataceae*

***Humaria hemisphaerica* (F.H.Wigg) Fuckel**, *Jahrb. Nassauischen Vereins Naturk.,* 23-24: 322. 1870. 1869
Pias, bosque mixto, 16-XI-2019, *leg.* J.M. Ponte, UVIGO-Fungi 317.

Especie frecuente no noroeste peninsular (RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ & CASTRO, 2018-20), tamén no distrito de Bragança (FERNÁNDEZ-RICÓN *et al.,* 2019). E xa foi publicada na zona de estudo.

Orde *Xylariales*: familia *Xylariaceae*

***Daldinia concentrica* (Bolton) Ces & de Not.**, *Comm. Soc. Crittog. Ital.*, 1(4): 197. 1863 [Fig. 1]
Pias, sobre madeira sen precisar, 1-XI-2020, *leg.* R. Amaral, UVIGO-Fungi 341.

Este taxon pode ser confundido con outros do mesmo xénero, pero a morfoloxía externa e interna, ademais das esporas lisas, de 12-16 x 5-7,5 µm, negras, coa fenda xerminativa máis curta que a espora permiten identificala.

Taxón con ampla distribución no NO. da península ibérica (RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ & CASTRO, 2018-20), aínda que non consta ningunha mención para o norte de Portugal.

Phylum *Basidiomycota*

Fig. 1. *Daldinia concentrica*

Orde *Agaricales*: familia *Agaricaceae*

***Agaricus campestris* L.**, *Sp. pl.,* 2: 1173. 1753
Riba de Mouro, Santo António de Vale de Poldros, entre herba, na marxe de estrada, 31-X-2020, *leg.* F.X. Martins & M. Castro, UVIGO-Fungi 370.

Caracterizado polo hábitat, a ausencia de cores amarelas, esporas 6,5-9 x 4,5-6 µm e basidios tetraspóricos, unha das diferencias con *Agaricus bisporus* (J.E. Lange) Imbach, que tamén se separa pola análise da rexión ITS como indican Bo *et al*. (2012).

Moi común en todo o Hemisferio Norte.

***Agaricus sylvaticus* Schaeff.**, *Fung. Bavar. Palat. nasc.*, 4: 62. 1774
Pias, baixo piñeiros, 1-XI-2020, *leg.* R. Amaral, UVIGO-Fungi 330.

Frecuente en toda Europa e Norte América.

Orde *Agaricales*: familia *Amanitaceae*

***Amanita citrina* Pers.**, *Tent. disp. meth. fung.*: 66. 1797
Pias, bosque mixto, 1-XI-2020, *leg.* F.X. Martins & J.M. Ponte, UVIGO-Fungi 338.

Común, tanto as formas brancas como citrinas, característica polo forte cheiro a pela de pataca, en Europa e na costa oriental de Estados Unidos e Canadá.

***Amanita curtipes* E.-J.Gilbert**, *Icon. mycol.*, 27(2): 279. 1941 [Fig. 2]
Pias, bosque mixto, 30-V-2021, *leg.* J.M. Ponte, UVIGO-Fungi 393.

Especie frecuente en Galicia, especialmente na zona litoral (Rodríguez-Vázquez & Castro, 2018-20), tamén en Trás-os-Montes (Fernández-Ricón *et al.,* 2019).

***Amanita gemmata* (Fr.) Bertill. *in* Dechambre**, *Dict. Encycl. Sci. Médic., sér.* 1, 3: 496. 1866
Pias, bosque mixto, 1-XI-2020, *leg.* F.X. Martins, UVIGO-Fungi 331.

Común en todo o Hemisferio Norte.

***Amanita rubescens* Pers.**, *Tent. disp. meth. fung.*: 67. 1797
Pias, bosque mixto, 10-III-2021, *leg.* J.M. Ponte, UVIGO-Fungi 395.

Común en toda Europa, tamén en Portugal.

Fig. 2.
Amanita curtipes

Orde *Agaricales*: familia *Bolbitiaceae*

***Conocybe filaris* (Fr.) Kühner**, *Encyclop. Mycol.* 7: 159. 1935 [Fig. 3]

≡ *Pholiotina filaris* (Fr.) Singer*, Beih. Bot. Centralbl.*, 56: 170. 1936

Pias, bosque mixto, 16-XI-2019, *leg.* C. Monteiro, UVIGO-Fungi 366.

Píleo pequeno, menos de 1 cm de diámetro, con mamelón, marxe estriada, láminas ferruxinosas, pe longo e delgado, cun anel neto no centro, esporas escuras, con poro xerminativo neto, de 7,5-10(11,5) x 5-6 µm.

Non publicada para Trás-os-Montes (Fernández-Ricón *et al.,* 2019). En Galicia coñécese para as provincias de Lugo, Ourense e Pontevedra (Rodríguez-Vázquez & Castro, 2018-20).

Orde *Agaricales*: familia *Phylasacraceae*

***Armillaria mellea* (Vahl.) P.Kumm.**, *Führer Pilzk.*: 134. 1871

Riba de Mouro, Cavenca, sobre madeira sen identificar, 31-X-2020, *leg.* F.X. Martins, UVIGO-Fungi 335.

Parasito moi agresivo, tanto sobre árbores caducifolias como coníferas. Común.

Fig. 3. *Conocybe filaris*

Fig. 4
Pluteus cinereofuscus

Orde *Agaricales*: familia *Pluteaceae*

***Pluteus cinereofuscus* J.E.Lange**, *Dansk bot Ark.*, 2(7): 9. 1917 [Fig. 4]
Pias, sobre *Hedera hibernica*, 10-XI-2020, *leg.* J.M. Ponte, UVIGO-Fungi 367.

Píleo gris verdoso, máis escuro no centro, marxe non estriada, cistidios ben visibles, non uncinados, esporas de 6-8,5 x 5-6 µm (JUSTO, 2006).

En Galicia coñécese para as provincias de Lugo e Pontevedra (RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ & CASTRO, 2018-20), para o norte de Portugal non coñecemos ningunha mención.

Orde *Agaricales*: familia *Schizophyllaceae*

***Schizophyllum commune* Fr.**, *Observ. mycol.*, 1: 103. 1815
Riba de Mouro, Cavenca, sobre madeira de caducifolio, sen precisar, 31-X-2020, *leg.* F.X. Martins & M. Castro, UVIGO-Fungi 375.

Taxón moi frecuente en todo tipo de madeira cortada ou árbores debilitados, en todo o mundo.

Orde *Agaricales*: familia *Strophariaceae*

***Pholiota flavida* (Schaeff.) Singer**, *Lilloa*, 22: 516. 1951 (1949) [Fig. 5]
Riba de Mouro, Santo António de Vale de Poldros, sobre toco cuberto de mofo, probablemente *Pseudotsuga menziesii*, 31-X-2020, *leg.* F.X. Martins & M. Castro, UVIGO-Fungi 373.

Píleo con tonalidades amarelas bastante intensas, tendendo ao laranxa ou parda alaranxada, lixeiramente viscoso, sabor doce, esporas lisas, con poro e apículo ben visibles, de 6-7,5 (10) x 4 (5) µm, das que algunhas resultan un pouco máis longas que as indicadas por MOSER (1980). Desenvólvese en grupos,

Fig. 5. *Pholiota flavida*

semellante a *Hypholoma lateritium* (Schaeff.) P. Kumm., ao que pode parecerse nunha primeira apreciación.

Especie estendida por todo o Hemisferio Norte, aínda que non abundante. En Galicia coñécese para a provincia de Pontevedra (Rodríguez-Vázquez & Castro, 2018-20). Non a coñecemos citada do norte de Portugal.

***Leratiomyces ceres* (Cooke & Masee) Spooner & Bridge**, *Mycotaxon*, 103: 116. 2008 [Fig. 6]

= *Stropharia aurantiaca* ss. auct. (Index Fungorum, en liña)

Pias, bosque mixto, 5-X-2020, *leg.* J.M. Ponte, UVIGO-Fungi 319.

A descrición macro e microscópica do espécime colectado coincide coa indicada por Halama & Górka (2019) no estudo de material procedente de Polonia. É un taxon confundido, durante anos, con *Stropharia aurantiaca* auct., ata que Bridge *et al*. (2008) xustificaron que se trataba de *Leratiomyces ceres*, taxon diferente de *Stropharia aurantiaca* (Cooke) M. Imai (= *Psilocybe aurantiaca* (Cooke) Noord.).

Especie estendida por todo o mundo, especialmente Europa, Norte América, Australia e África sur occidental. Coñecida tamén de Galicia e Trás-os-Montes (Rodríguez-Vázquez & Castro,

Fig. 6. *Leratiomyces ceres*

2018-20; Fernández-Ricón *et al.,* 2019), citada como *Psilocybe aurantiaca* (Cooke) Noorde. e *Stropharia aurantiaca* auct.

Orde *Boletales*: familia *Boletaceae*

***Aureoboletus gentilis* (Quél.) Pouzar**, *Česká Mykol.*, 11(1): 48. 1957 [Fig. 7]
Pias, bosque mixto, 16-XI-2019, *leg.* A. Queirós, UVIGO-Fungi 343.

As cores amarela intensa dos poros contrastando co vermello do estipe e do píleo permiten identificalo macroscopicamente (Muñoz, 2005).

Especie pouco frecuente no noroeste peninsular (Rodríguez-Vázquez & Castro, 2018-20; Fernández-Ricón *et al.,* 2019).



Fig. 7
Aureoboletus gentilis

***Caloboletus radicans* (Pers.) Vizzini**, *Index Fungorum*, 146: 1. 2014
Pias, bosque mixto, 5-X-2020, *leg.* J.M. Ponte, UVIGO-Fungi 320.

Carpóforo robusto, coa cutícula do píleo esbrancuxada, tonalidades vermellas no pé, que, en xeral, se adelgaza na base, radicante (Muñoz, 2005).

Común na Galicia (Rodríguez-Vázquez & Castro, 2018-20), non coñecida do norte de Portugal.

***Chalciporus piperatus* (Bull.) Bataille**, *Bull. Soc. Hist. nat. Doubs* 15: 39. 1908
Pias, bosque mixto, 1-XI-2020, *leg.* M. Castro, UVIGO-Fungi 336. [Fig. 8]

As cores fortemente vermellas e o sabor extremadamente picante fan este taxon inconfundible (Muñoz, 2005).

Estendida en Galicia e citada tamén de Trás-os-Montes, aínda que non frecuente (Rodríguez-Vázquez & Castro, 2018-20; Fernández-Ricón *et al.,* 2019).

Fig. 8. *Chalciporus piperatus*

***Neoboletus erythropus* (Pers.) C.Hahn.**, *Mycologia Bavar.*, 16: 132. 2015

≡ *Boletus erythropus* Pers., *Observ. mycol.*, 1: 23. 1796

Pias, bosque mixto, 31-X-2020, *leg.* J.M. Ponte, UVIGO-Fungi 328.

Extremadamente común por toda Europa, onde é frecuentemente consumida polas poboacións locais.

***Xerocomellus chrysentheron* (Bull.) Šutara**, *Czech Mycol.*, 60(1): 49. 2008

Pias, bosque mixto, 31-X-2020, *leg.* F.X. Martins & M. Castro, UVIGO-Fungi 316.

A análise microscópica da pileipelis e da trama, así como os poros angulares de 2 mm de diámetro inclúeno no xénero *Xerocomellus* (Šutara, 2008) e as tonalidades vermellas debaixo da cutícula permiten diferenciar esta especie doutras próximas

(Ladurne & Simonini, 2003).

Amplamente observada, aínda que é facilmente confundida con outras especies de *Xerocomus* e *Xerocomellus*, por iso é difícil establecer a súa distribución. Mencionada por todo o noroeste peninsular (Rodríguez-Vázquez & Castro, 2018-20; Fernández-Ricón *et al.,* 2019).

Orde *Boletales*: familia *Gomphidiaceae*

***Chroogomphus rutilus* (Schaeff.) O.K.Miller**, *Mycologia*, 56(4): 543. 1964 [Fig. 9]

Pias, baixo piñeiros, 1-XI-2020, *leg.* J.M. Ponte, UVIGO-Fungi 337

Un dos exemplares colectados presentaba unha forma totalmente anormal e carecía de esporas, mentres que os restantes presentaban caracteres macro e microscópicos característicos (Scambler *et al.,* 2018).

Extremadamente frecuente nas formacións de coníferas, en todo o Hemisferio Norte, tamén no noroeste peninsular.

Fig. 9
Chroogomphus rutilus

Orde *Boletales*: familia *Hygrophoropsidaceae*

***Hygrophoropsis aurantiaca* (Wulfen) Maire**, *Empois. Champ.*: 99. 1921

Pias, bosque mixto, 1-XI-2020, *leg.* M. Castro, UVIGO-Fungi 333.

Moi común en todo o Hemisferio Norte, tamén no noroeste peninsular.

Orde *Cantharelales*: familia *Cantharellaceae*

***Cantharellus amethysteus* (Quél.) Sacc.**, *Syll. fung.*, 5: 482. 1887
Pias, bosque mixto, 1-XI-2020, *leg.* J.M. Ponte, UVIGO-Fungi 322.

Píleo amarelo claro cunha ampla mancha cuarteada de cor violáceo no centro (OLARIAGA *et al.*, 2015).

Amplamente coñecido do centro e norte de Europa, Ilas Británicas e norte da península ibérica, tamén en Galicia, aínda que pouco frecuente (RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ & CASTRO, 2018-20), non o coñecemos citado do norte de Portugal.

***Cantharellus melanoxeros* Desm. *in* Duby**, *Bot. Gall.,* 2: 799. 1830
Pias, bosque mixto, 30-X-2020, *leg.* J.M. Ponte, UVIGO-Fungi 315.

Especie rara, sen embargo é frecuente na zona de estudo, aínda que non abundante (CASTRO, 2019).

Especie pouco frecuente, aínda que amplamente citada en Europa, tamén en Galicia (RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ & CASTRO, 2018-20) e Trás-os-Montes (FERNÁNDEZ-RICÓN *et al.,* 2019).

Orde *Cortinariales*: familia *Cortinariaceae*

***Cortinarius alboviolaceus* (Pers.) Fr.**, *Epicr. syst. mycol.*: 280. 1838
Pias, baixo carballos e piñeiros, 16-XI-2019, *leg.* M. Castro, UVIGO-Fungi 357.

Coloración do carpóforo gris violáceo, esporas pouco verrugosas, ovoides ou elipsoides, 7,5-8,5(11) x 5-6 µm.

Parece tratarse dun taxon común, aínda que non se coñece ben a súa distribución a nivel mundial debido á fácil confusión con outras especies desta sección, tamén no noroeste peninsular, mencionada por toda Galicia e do concello de Vinhais (RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ & CASTRO, 2018-20; FERNÁNDEZ-RICÓN *et al.,* 2019).

***Cortinarius hinnuleus* Fr.**, *Epicr. syst. mycol.*: 296. 1838 [Fig. 10]
Pias, baixo carballos e piñeiros, 1-XI-2020, *leg.* F.X. Martins, UVIGO-Fungi 358.

Carpóforos diminutos, algúns con mamelón, máis ou menos agudo, despois redondeado, sombreiro algo higrófano, pé brillante, translúcido en húmido, anel ben marcado, branco, esporas sublisas, de 7-8 x 4-5 µm (García Bona, en liña).

Moi común en Europa e raro en Norte América e Xapón. Observado por case toda Galicia (Rodríguez-Vázquez & Castro, 2018-20) e nos concellos de Bragança e Vinhais (Fernández-Ricón *et al.,* 2019).

Fig. 10.
Cortinarius hinnuleus

***Cortinarius subvariiformis* Bidaud *in* Bidaud, Moënne-Locc., Reumaux & Rob.Henry**, *Atlas Cortinaires*, 10: 374. 2000
Pias, baixo carballos e piñeiros, 16-XI-2019, *leg.* F.X. Martins, UVIGO-Fungi 359.

Carpóforo dourado, tanto no píleo como no estipe, basidios en forma de tubo irregular, tetraspóricos, de 35 x 10 µm, esporas verrugosas, de 8,5-10,5(12,5) x 5-6 µm, non se observaron cistidios (Calzada, 2013).

Especie aparentemente pouco frecuente, da que non

coñecemos ben a súa distribución mundial, nin peninsular (CALZADA, 2013) e non aparece mencionada anteriormente para o noroeste peninsular.

***Cortinarius venetus* (Fr.) Fr.**, *Epicr. syst. mycol.*: 291. 1838
Pias, bosque mixto, 16-XI-2020, *leg.* M. Castro, UVIGO-Fungi 360.

Píleo de cor verde oliva a amarelado, pé con bulbo pequeno e cortina aracnoide na cima do pé, branca, esporas subglobosas, con verrugas máis ou menos aparentes, de (5)6-7,5 x 5-6 µm (GARCÍA BONA, en liña).

Parece tratarse dunha especie común en Europa, en Galicia coñécese só da provincia de Lugo (RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ & CASTRO, 2018-20) e non temos referencias para el no norte de Portugal.

Orde *Cortinariales*: familia *Inocybaceae*

***Pseudospermum rimosum* (Bull.) Matheny & Esteve-Rav. *in* Matheny, Hobbs & Esteve-Rav.**, *Mycologia*, 10.1080/00275514.2019.1668906: 31. 2019

≡ *Inocybe rimosa* P.Kumm., *Führer Pilzk.*: 78. 1871;= *I. fastigiata* (Schaeff.) Quél., *Mém. Soc. Émul. Montbéliard, sér.* 2, 5: 180. 1872
Pias, bosque mixto, 1-XI-2020, *leg.* J.M. Ponte, UVIGO-Fungi 368.

Píleo cónico, cutícula fibrosa e gretada (rimosa), forte olor espermático, cistidios en forma de maza, por veces estrangulados no centro, esporas lisas, ovoides, de 9-12,5 (13,5) x 5-6 µm (GARCÍA BONA, en liña; KUYPER, 1986).

Moi frecuente en Europa, común en Norte América, tamén no noroeste peninsular (RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ & CASTRO, 2018-20; FERNÁNDEZ-RICÓN *et al.,* 2019).

Orde *Polyporales*: familia *Fomitopsidaceae*

***Antrodia albida* (Fr.) Donk**, *Persoonia*, 4(3): 339. 1966
Riba de Mouro, Santo António de Vale de Poldros, sobre madeira de caducifolio, sen precisar, 31-X-2020, *leg.* F.X. Martins & M. Castro, UVIGO-Fungi 371.

Caracterízase polo carpóforo dimidiado e parcialmente

resupinado, piloso, branco na marxe, ocre no resto e polo himenio branco, con poros laberintiformes. Sistema hifal dimítico, con algunhas fíbulas, basidios en forma de maza, de 35-45 x 7-9 µm e esporas de 8,5-10 x 4-5 µm

Xénero con especies difíciles de identificar a simple vista, recentemente estudado filoxeneticamente (Spirin *et al*., 2013; Park *et al*., 2014), polo que non aparecen mencións en GBIF (en liña), común na península ibérica e citado anteriormente de Galicia para Lugo e Pontevedra (Rodríguez-Vázquez & Castro, 2018-20), non a coñecíamos citada do norte de Portugal.

Orde *Polyporales*: familia *Polyporaceae*

***Coriolopsis gallica* (Fr.) Ryvarden**, *Norweg. J. Bot.,* 19(3-4): 230. 1972 [Fig. 11]

Pias, bosque mixto, 1-XI-2020, *leg.* M. Castro, UVIGO-Fungi 345.

Os grandes poros poligonais e a cutícula completamente cuberta de pelos, ademais de presentar as bandas concéntricas máis claras que no xénero *Trametes*, permite caracterizala (Bernicchia, 2005).

Taxon común, especialmente no Hemisferio Norte. En Galicia

Fig.11.
Coriolopsis gallica

é pouco frecuente, mas si foi observada en case toda a rexión (RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ & CASTRO, 2018-20), sen embargo non a coñecíamos do norte de Portugal.

***Laetiporus sulphureus* (Bull.) Murril**, *Mycologia*, 12(1): 11. 1920

Pias, bosque mixto, 1-XI-2020, *leg.* R. Amaral, UVIGO-Fungi 323.

Especie parasita, preferente árbores caducifolias, extremadamente común, incluso durante o verán, máis frecuente no Hemisferio Norte, tamén en Galicia (RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ & CASTRO, 2018-20), aínda que non o coñecíamos citada do norte de Portugal.

Orde *Polyporales*: familia *Polyporaceae*

***Trametes versicolor* (L.) Lloyd**, *Mycol. Writings*, 6(65): 1045. 1920

Riba de Mouro, Cavenca, sobre madeira de caducifolio, sen precisar, 31-X-2020, *leg.* F.X. Martins & M. Castro, UVIGO-Fungi 376.

Extremadamente común, recentemente cultívase como complemento alimentario e comercialízase co nome de cola de pavo.

Orde *Polyporales*: familia *Sparassidaceae*

***Sparassis crispa* (Wulfen) Fr.**, *Syst. mycol.*, 1: 465. 1821

Pias, bosque mixto, 1-XI-2020, *leg.* J.M. Ponte, UVIGO-Fungi 326.

Taxon frecuente, preferentemente sobre coníferas, estendida por todo o Hemisferio Norte, tamén no noroeste peninsular (RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ & CASTRO, 2018-20).

Orde *Russulales*: familia *Russulaceae*

***Lactarius aurantiacus* (Pers.) Gray**, *Nat. Arr. Brit. Pl.*, 1: 624. 1821

Pias, bosque mixto, 30-V-2021, *leg.* J.M. Ponte, UVIGO-Fungi 392.

Especie común en Galicia, preferentemente relacionada con *Pinus* spp. (RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ & CASTRO, 2018-20), tamén

amplamente citada en Trás-os-Montes (Fernández-Ricón *et al.,* 2019).

***Lactarius subdulcis* (Pers.) Gray**, *Nat. Arr. Brit. Pl.*, 1: 625. 1821 [Fig. 12]
Pias, bosque mixto, 1-XI-2020, *leg.* F.X. Martins, UVIGO-Fungi 347.

Carne doce ao principio, despois picante e pouco agradable, cheiro pouco notable, esporas con cristas descontinuas, de 8,5-9,5 x 6,5-7 µm. Facilmente confundible con outras especies alaranxadas *L. aurantiacus* (Pers.) Gray, mas ten cores máis vivas e carne amarga, e con outros como *L. quietus* (Fr.) Fr., pero caracterízase ben polo cheiro a chinche (Basso, 1999).

Común en Europa e na costa occidental de Estados Unidos e Canadá, tamén en Galicia (Rodríguez-Vázquez & Castro, 2018-20), tamén foi citada para Freixo-de-Espada-à-Cinta (Fernández-Ricón *et al.,* 2019).

Fig.12.*Lactarius subdulcis*

***Lactarius tabidus* Fr.**, *Epicr. syst. mycol.*: 346. 1838
Riba de Mouro, Santo António de Vale de Poldros, sobre musgos, baixo *Betula* sp., 31-X-2020, *leg.* F.X. Martins & M. Castro, UVIGO-Fungi 372.

Carpóforo de 1,2 x 2, 0,3 cm, pequena papila central, algo máis escura, marxe lobulada e máis clara, látex branco, pouco picante, inmutable, esporas con espiñas grandes e retículo incompleto, de 7,5-9 x 5,5-6 µm (HEILMAN-CLAUSEN *et al.*, 1998).

Especie propia de bidueirais, frecuente en Europa e na costa occidental norteamericana. Coñecida por case toda Galicia (RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ & CASTRO, 2018-20), mas non temos constancia dela no norte de Portugal.

***Russula adusta* (Pers.) Fr.**, *Epicr. syst. mycol.*: 350. 1838
= *Russula nigricans* Fr., *Epicr. syst. mycol.* : 350. 1838
Pias, bosque mixto, 1-XI-2020, *leg.* M. Castro, UVIGO-Fungi 321.

Carpóforo que primeiro mudan a cor vermella e despois ennegrece, láminas máis ou menos apertadas e algo picantes, esporas de 7-9,5 x 6-8 µm.

Toda a sección foi revisada tanto en América (ADAMČIK & BUYCK, 2014) como en Europa, xa que antes eran diferenciadas esencialmente polo número de láminas por centímetro que presentaba cada especie, así, en *Russula adusta* eran ata 10/cm e en *R. nigricans*, só 5-6/cm. Actualmente parece tratarse da mesma especie (INDEX FUNGORUM, en liña).

Taxon frecuente por todo o Hemisferio Norte, tamén no noroeste peninsular, especialmente relacionadas con coníferas (RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ & CASTRO, 2018-20; FERNÁNDEZ-RICÓN *et al.,* 2019).

***Russula aeruginea* Lindblad ex Fr.**, *Monogr. Hymenomyc. Suec.*, 2: 198. 1863
Pias, bosque con carballos, piñeiros e probablemente algún bidueiro, 15-XI-2019, *leg.* J.M. Ponte & F. X. Martins, UVIGO-Fungi 369.

Píleo pardo verdoso, máis escuro no centro, estipe vira a pardo amarelado na base e sabor, máis ou menos, picante en fresco, cistidios ata 85 x 10-12 µm, esporas verrugosas, máis ou menos reticuladas, de 6,5-8,5 x 5-6 µm.

É semellante ás formas verdes de *Russula parazurea* Jul.Schäff., pero esta ten carne doce e o estipe non muda de cor na base (MONEDERO, 2011).

Extremadamente común en todo o Hemisferio Norte, en Galicia só se coñece para Lugo (RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ & CASTRO, 2018-20), e non temos coñecemento da súa presenza no norte de Portugal.

***Russula albonigra* (Krombh.) Fr.**, *Hymenomyc. eur.*: 440. 1874
Pias, bosque mixto, 1-XI-2020, *leg.* F.X. Martins & M. Castro, UVIGO-Fungi 342.

A carne ennegrece rapidamente ao corte, ao igual que en *R. anthracina* Romagn., mas esta ten as láminas moi apertadas, máis de 10 por centímetro e está asociada a solos con pH básico (SARNARI, 1998).

Taxon amplamente citado en Europa e, algo menos, para Norte América, tamén para Galicia (RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ & CASTRO, 2018-20) e para o distrito de Bragança (FERNÁNDEZ-RICÓN *et al.,* 2019).

***Russula torulosa* Bres.**, *Icon. mycol.*, 9: 433. 1929
Pias, bosque mixto, 1-XI-2020, *leg.* J.M. Ponte, UVIGO-Fungi 346; ibídem, 30/V/2021, UVIGO-Fungi 346.

Taxon extremadamente común nos piñeirais do noroeste ibérico (RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ & CASTRO, 2018-20; FERNÁNDEZ-RICÓN *et al.,* 2019).

Orde *Tricholomatales*: familia *Hydnangiaceae*

***Laccaria amethystina* Cooke**, *Grevillea*, 12(63): 70. 1884
Pias, bosque mixto, 1-XI-2020, *leg.* F.X. Martins & J.M. Ponte, UVIGO-Fungi 340.

Estendida por todo o Hemisferio Norte, común.

***Laccaria laccata* (Scop.) Cooke**, *Grevillea*, 12(63): 70. 1884
Pias, bosque mixto, 1-XI-2020, *leg.* M. Castro, UVIGO-Fungi 344.

Taxon microscopicamente semellante ao tipo, pero láminas máis anchas e máis claras, ademais dos carpóforos ser máis carnosos, polo que pode tratarse da *L. laccata* var. *pallidifolia*

(Peck) Peck (MUELLER, 1985).

Estendida por todo o mundo, aínda que máis amplamente citada no Hemisferio Norte, a variedade atópase por toda Galicia (RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ & CASTRO, 2018-20).

Orde *Tricholomatales*: familia *Mycenaceae*

***Hemimycena hirsuta* (Tode) Singer**, *Agaricales mod. Taxon. ed. 4*: 397. 1986

=*Hemimycena crispula* (Quél.) Singer, *Ann. Mycol.*, 41(1/3): 121. 1943

Pias, sobre *Laurobasidium lauri*, 16-XI-2019, *leg.* F.X. Martins & J.M. Ponte, UVIGO-Fungi 361.

Carpóforos brancos, hirsutos, diminutos, de 2-4 x 5 x 0,5 mm, láminas adnatas ou decorrentes por un dente, esporas de elipsoides a amigdaliformes, de 7-9 x 4-5,5 µm (ANTONÍN & NOORDELOOS, 2004).

Mencionada no centro e norte de Europa, Illas Británica e costa oriental ibérica. Para o noroeste ibérico, so temos coñecemento de que fora mencionada na provincia de Pontevedra (RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ & CASTRO, 2018-20).

***Mycena amicta* (Fr.) Quél.**, *Mém. Soc. Émul, Montbéliard, sér.* 2, 5: 243. 1872

Pias, sobre restos de madeira sen precisar, 16-XI-2019, *leg.* C. Monteiro, UVIGO-Fungi 363 [Fig. 13]; sobre piña, 1-XI-2020, *leg.* F.X. Martins, UVIGO-Fungi 362.

Marxe do sombreiro máis escuro, que destaca sobre o resto do fondo gris, pé longo e extremadamente delgado, basidios con fíbulas, esporas amiloides, de 6-10 x 3,5-5 µm (ARONSEN & LÆSSØE, 2016). Na mostra de 2019, obsérvanse tonalidades azul turquesa na marxe do píleo e das láminas, polo que parece corresponder a *M. amicta* var. *iris* (Berk.) Bon (INDEX FUNGORUM, en liña).

A especie tipo mencionase para Europa e Estados Unidos, especialmente a costa occidental, en Galicia coñécese das provincias litorais atlánticas (RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ & CASTRO, 2018-20), sen datos para no norte de Portugal. Da variedade carecemos de datos sobre a súa distribución.

Fig.13.*Mycena amicta* var. *iris*

***Mycena epipterygia* (Scop.) Gray**, *Nat. Arr. Brit. Pl.*, 1: 619. 1821
Pias, bosque mixto, 1-XI-2020, *leg.* M. Castro, UVIGO-Fungi 332.

Exemplares de forte cor amarela e moi viscosos, polo que podería ser identificados como *M. epipterygia* var. *viscosa* (Secr. ex Maire) Ricken (Robich, 2003).

Extremadamente común baixo coníferas no noroeste ibérico (Rodríguez-Vázquez & Castro, 2018-20), como no resto do Hemisferio Norte.

***Mycena haematopus* (Pers.) P.Kumm.**, *Führer Pilzk.*: 108. 1871
Pias, sobre cepa vella de *Quercus robur*, 16-XI-2019, *leg.* J.R. Blanco, UVIGO-Fungi 364.

Especie singular por ter látex no pé, de cor amarelo alaranxado ou avermellado, esporas elipsoidais, amiloides, de 7,5-10 x 5,5-7µm (Robich, 2003; Aronsen & Læssøe, 2016).

Frecuente por todo o Hemisferio Norte, en Galicia menciónase para as provincias litorais atlánticas (Rodríguez-Vázquez & Castro, 2018-20) e no distrito de Bragança, sen precisar localidade (Fernández-Ricón *et al.,* 2019).

***Mycena inclinata* (Fr.) Quél.**, *Mém. Soc. Émul. Montbéliard, sér.* 2, 5: 105. 1872
Pias, sobre cepa vella de *Quercus robur*, 16-XI-2019, *leg.* F.X. Martins & M. Castro, UVIGO-Fungi 365.

Crece en grupos ou illada, píleo cónico, gris pardo, marxe fortemente estriada, tonalidades, a modo de manchas, amarelas no estipe e nas láminas, pé amarelo na parte superior, o resto acastañado, esporas amiloides de 7-9 x 5,5-6,5 µm (Robich, 2003; Aronsen & Læssøe, 2016).

Non coñecemos a súa distribución xeral, mas aparece citada por toda Galicia (Rodríguez-Vázquez & Castro, 2018-20) e no concello de Vinhais (Fernández-Ricón *et al.,* 2019).

***Mycena seynii* Quél.**, *Bull. Soc. Bot. France.* 23: 351. 1876
Pias, sobre piña de *Pinus pinaster*, 1-XI-2020, *leg.* F.X. Martins, UVIGO-Fungi 334.

Caracterízase facilmente polo hábitat e por presentar a marxe das láminas de cor vermella.

Moi común sobre piñas en todo o noroeste ibérico (Rodríguez-Vázquez & Castro, 2018-20), como no resto de Europa.

Orde *Tricholomatales*: familia *Tricholomataceae*

***Clitocybe odora* (Bull.) P.Kumm.**, *Führer Pilzk.*: 121. 1871
Pias, bosque mixto, 1-XI-2020, *leg.* J.M. Ponte, UVIGO-Fungi 325.

Carpóforo con cores verde azuladas e intensísimo cheiro a anís.

Especie aromática, empregada para elaboración de licores, moi común no noroeste ibérico, especialmente baixo árbores caducifolias Moi común sobre piñas en todo o noroeste ibérico (Rodríguez-Vázquez & Castro, 2018-20), como no resto de Europa.

***Collybia cirrhata* (Schumach.) Quél.**, *Mém. Soc. Émul. Montbéliard, sér*. 2, 5: 96. 1872
Pias, bosque mixto, 1-XI-2020, *leg.* J.M. Ponte & M. Castro, UVIGO-Fungi 343.

Especie con carpóforos pequenos, que se diferencia doutras *Collybia* de pequeno tamaño por carecer totalmente de esclerocio (Antonín & Noordelos, 2010).

Frecuente en todo o Hemisferio Norte, en Galicia aparece mencionada para tres provincias (Rodríguez-Vázquez & Castro, 2018-20) e tamén no distrito de Bragança (Fernández-Ricón *et al.,* 2019).

***Rhodocollybia butyracea* (Bull.) Lennox**, *Mycotaxon*, 9(1): 218. 1979
Riba de Mouro, Santo António de Vale de Poldros, baixo *Betula* sp. e *Castanea* sp., 31-X-2020, *leg.* F.X. Martins & M. Castro, UVIGO-Fungi 374.

Amplamente mencionada para todo o Hemisferio Norte.

***Tricholoma equestre* (L.) P.Kumm.**, *Führer Pilzk.*: 130. 1871
Pias, baixo piñeiros, 1-XI-2020, *leg.* J.M. Ponte, UVIGO-Fungi 339.

Difícil indicar a súa distribución pola dificultade taxonómica que presenta o grupo: *T. equestre, T. flavovirens* (Pers.) S.Lundell*, T. auratum* Gillet*,* que non está ben aclarada, a pesar de que se consideran sinónimos en Index Fungorum (en liña), aínda así parece un taxon frecuente en Europa e asociado a coníferas.

***Tricholoma fulvum* (DC.) Bigeard & H.Guill.**, *Fl. Champ. Sup. France*, 1: 89. 1909
= *Tricholoma flavobrunneum* (Fr.) P.Kumm., *Führer Pilzk*.: 130. 1871
Riba de Mouro, Santo Antonio de Vale de Poldros, baixo *Betula* sp., 31-X-2020, *leg.* M. Castro, UVIGO-Fungi 329.

Distribución mundial semellante á especie anterior, pero relacionado preferentemente con bidueiros. Ben coñecido por toda Galicia, non así no norte de Portugal.

Agradecementos

Pola axuda na recolecta do material (*legit*) a: Rui Amaral e José Manuel Ponte, da Associação de Caça e Pesca do Rio Gadanho (Pias, Monção), a António Queirós, Cassiano Monteiro e Francisco X. Martins, membros da Associação Micológica A Pantorra (Mogadouro) e a Juan Ramón Blanco, participante nas Xornadas Micolóxicas de Pias.

Referencias bibliográficas

Adamčik, S. & Buyck, B. 2014. Types studies in *Russula* subsection *Nigricantes* from the Eastern United States. *Cryptogamie, mycol.*, 35(3): 293-309.

Antonín, V. & Noordeloos, M.E. 2004. *A monograph of the genera Hemimycena, Delicatula, Fayodia, Gamundia, Myxomphalia, Resinomycena, Rickenella* and *Xeromphalina* (*tribus Mycenae sensu Singer, Mycena excluyed*) *in Europe*. Eching. IHW-Verlag.

Antonín, V. & Noordeloos, M.E. 2010. *A monograph of marasmioid and collybioid fungi in Europe*. Eching. IHW-Verlag.

Aronsen, A. & Læssøe, T. 2016. The genus *Mycena* s. l. *in Fungi of Northem Europa* vol 5. Gylling (Denmark). Narayana Press.

Bas, C., Kuyper, Th.W., Noordeloos, M.E. & Vellinga, E.C. (eds.) 1990. *Flora Agaricina Neerlandica. Critical monographs on families of agarics and boleti occurring in the Netherlands. Vol. 2*. Rotterdam. Ed. A.A. Balkema.

Bas, C., Kuyper, Th.W., Noordeloos, M.E. & Vellinga, E.C. (eds.) 1995. *Flora Agaricina Neerlandica. Critical monographs on families of agarics and boleti occurring in the Netherlands. Vol. 3*. Rotterdam. Ed. A.A. Balkema.

Bas, C., Kuyper, Th.W., Noordeloos, M.E. & Vellinga, E.C. (eds.) 1999. *Flora Agaricina Neerlandica. Critical monographs on families of agarics and boleti occurring in the Netherlands. Vol. 4*. Rotterdam. Ed. A.A. Balkema.

Basso, M.T. 1999. *Lactarius Pers. Fungi Europaei vol. 7*. Alassio: Edizioni Candusso.

Bernicchia, A. 2005. *Polyporaceae s.l. Fungi Europaei vol. 10*. Alassio. Edizioni Candusso.

Bo, W., Yong, L., XiaoQing, Z., Yi, W. & ZeSheng, W. 2012. Studies on *Agaricus bisporus* and *Agaricus campestris* using ITS-RFLP. *Southwest China J. Agric. Sci*., 25(6): 2222-2226.

BRIDGE, P.D., SPOONER, B.M., BEEVER, R.E. & PARK, D.C. 2008. Taxonomy of the fungus commonly known as *Stropharia aurantiaca*, with new combinations in *Leratiomyces*. *Mycotaxon*, 103: 109-121.

CALZADA, A. 2013. Aportaciones al conocimiento del género *Cortinarius* en la Península Ibérica *in https://www.researchgate.net/publication/262601352*

CASTRO, M. L. 2019. Aportación ao coñecemento da macrobiota do Alto Minho, Portugal (I): Freguesía de Pias, Monção. *Mykes*, 22: 53-73.

CASTRO, M. L. 2020. Aportación ao coñecemento da macrobiota do Alto Minho, Portugal (II): Freguesía de Pias, Monção**.** *Mykes*, 23: 65-83.

CASTRO, M. L., MARTINS, F.X., MONTEIRO, C. PONTE, J.M. & QUEIRÓS, A.M. 2019. «I Jornadas Micológicas da Freguesia de Pias» (Monção, Portugal). *Mykes*, 22: 95-100.

DENNIS, R.W.G. 1981. *British Ascomycetes*. Vaduz. E.J.Cramer.

FERNÁNDEZ-RICÓN, H., CABALEIRO, M., CORDEIRO, A., ESTÉVEZ-CARIDE, P., PÉREZ-TORRÓN, G. & CASTRO, M. L. 2019. *Documento preliminar para a Base de Datos de Macromicetos do Norte de Portugal (Trás-os-Montes e Alto Douro)*. Vigo. MycoGalicia Plantae S.L.

GARCÍA BONA, L.M. en liña. Guía de setas y hongos de Navarra. *https://guiahongosnavarra1garciabona.blogspot. com/* [Consulta: 18/03/21]

GBIF Secretariat. 2020. GBIF Backbone Taxonomy. Checklist dataset *https://doi.org/10.15468/39omei* accessed via GBIF.org. [Consulta: 12/03/2021]

HALAMA, M. & GÓRKA, K. 2019. *Leratiomyces ceres* (*Strophariaceae*, *Basidiomycota*), new to Poland. *Acta Mycol.*, 54(2): 1131. DOI: *https://doi.org/10.5586/am.1131*

HEILMANN-CLAUSEN, J., VERBEKEN, A. & VESTERHOLT, J. 1998. *The genus Lactarius in Fungi of Northem Europe vol. 2*. Copenhagen. The Danish Mycological Society.

INDEX FUNGORUM, en liña. Nomenclatural Database Index Fungorum Partnership *http://www.indexfungorum.org/names/names asp.* [Consulta: 12/03/2021]

JUSTO, A. 2006. *Familia Pluteaceae (Basidiomycota, Fungi) en la Península Ibérica e Islas Baleares*. Universidade de Vigo. Tese de doutoramento.

KIRK, P.M., CANNON, P.F., MINTER, D.W. & STALPERS, J.A. 2008. *Ainsworth & Bisby's. Dictionary of the Fungi, 10th Edition*. Wallingford. CAB International.

KUYPER, T.W. 1986. *A revision of the genus Inocybe in Europe I. Subgenus Inosperma and the smooth-spores species of subgenus Inocybe*. Leiden. Rijksherbarium.

LADURNER, H. & SIMONINI, G. 2003. *Xerocomus* s. l. *in Fungi Europaei 8*. Alassio. Edizioni Candusso.

LÆSSØE, T. & PETERSEN, J.H. 2019. *Fungi of Temperate Europe*. 2 vols. Oxford and Princeton. Princeton University Press.

MEDARDI, G. 2006. *Atlante fotografico degli Ascomiceti d'Italia*. Trento. Ed. AMB.

MONEDERO, C. 2011. *El género Russula en la Península Ibérica*. Bilbao. Centro de Estudios Micológicos de Euskadi.

MOSER, M.M. 1980. *Guida alla determinazione dei funghi. Vol 1. Polyporales, Boletales, Agaricuales, Russulales*. Trento. Arti Grafiche Saturnia.

MUELLER, G. M. 1985. Numerical taxonomic analyses on *Laccaria* (Agaricales). *Mycologia*, 77: 121-129.

MUÑOZ, J.A. 2005. *Boletus s.l. (excl. Xerocomus). Strobilomycetaceae, Gyroporaceae, Gyrodontaceae, Suillaceae, Boletaceae. Fungi Europaei vol. 2.* Origgio. Edizioni Candusso.

NOORDELOOS, M.E., KUYPER, TH.W. & VELLINGA, E.C. (eds.) 2001. *Flora Agaricina Neerlandica. Critical monographs on families of agarics and boleti occurring in the Netherlands*, *vol. 5*. Rotterdam. Ed. A.A. Balkema.

NOORDELOOS, M.E., KUYPER, TH.W. & VELLINGA, E.C. (eds.) 2005. *Flora Agaricina Neerlandica. Critical monographs on families of agarics and boleti occurring in the Netherlands*, *vol. 6*. Rotterdam. Ed. A.A. Balkema.

NOORDELOOS, M.E., KUYPER, TH.W., SOMHORST, I. & VELLINGA, E.C. (eds.) 2018. *Flora Agaricina Neerlandica. Critical monographs on families of agarics and boleti occurring in the Netherlands*, *vol. 7*. Origgio. Candusso Editriche.

OLARIAGA, I., BUYCK, B., ESTEVE-RAVENTÓS, F., HOFSTETTER, V., MANJÓN, J.L., MORENO, G., SALCEDO, I. 2015. Assessing the taxonomic identity of white and orange specimens of *Cantharellus*: ocassional colour variants or independent species? *Cryptog. Mycol*., 36(3): 287-300.

PARK, M.S., ING QUAN, Y., JUNG, P.E., OH, S., JANG, Y., KIM, J. & LIM, Y.W. 2014. Re-evaluation of the genus *Antrodia* (*Polyporales*, *Basidiomycota*) in Korea. *Mycobiology*, 42(2): 114-119. DOI: *https://doi.org/10.5941/MYCO.2014.42.2.114*

ROBICH, G. 2003. *Mycena d'Europa*. Trieste. Edita AMB.

RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ, J. & CASTRO, M.L. 2018-20. MICOGA. Base de datos de información corolóxica da micobiota galega [en liña]. Disponible en: *https://www.mykes.es/busquedas* [Consulta: 18/04/2021]

SARNARI, M. 1998. *Monografia illustrata del genere Russula in Europa, tomo 1*. Trieste. AMB.

SCAMBLER, R., NISKANEN, T., ASSYOV, B. AINSWORTH, A.M., BELLANGER, J.M., LOZIDES, M., MOREAU, P.A., KIRK, P.M. & LIIMATINEN, K. 2018. Diversity of *Chroogomphus* (*Gomphidiaceae*, *Boletales*) in Europe, typification of *C. rutilus*. *IMA Fungus*, 9(2): 271-290.

SPIRIN, V., VLASÁK, J., NEMELÄ & MIETTINEN, O. 2013. Wat is *Antrodia* sensu strict? *Mycologia*, 105(6): 1555-1576. DOI: *https://doi.org/10.3852/13-039*

ŠUTARA, J. 2008. *Xerocomus* s.l. in the light of the presente state of knowledge. *Czech Mycol.*, 60(1): 29-62.

WIJAYAWARDENE, N.N., HYDE, K.D., LUMBSCH, H.T., LIU, J.K., MAHARACHCHIKUMBURA, S.S.N., EKANAYAKA, A.H., TIAN, Q. & PHOOKAMSAK, R. 2018. Outline of *Ascomycota*: 2017. *Fungal Diversity*, 88(2): 167-263.

ZHAO, R.L., LI, G.J., SÁNCHEZ-RAMÍREZ, S., STATA, M., YANG, Z.L., WU, G., DAI, Y.C; HE, S.H., CUI, B.K., ZHOU, J.L., WU, F., HE, M.Q., MONCALVO, J.M. & HYDE, K.D. 2017. A six-gene phylogenetic overview of *Basidiomycota* and allied *phyla* with estimated divergence times of higher *taxa* and a phyloprotomics perspective. *Fungal Diversity*, 84(1): 43-74.

MYKES
VOLUME 24, 2021
ÍNDICE

MICOBIOTA

CASTRO, M.L.
Aportación ao coñecemento da macrobiota do Alto Minho, Portugal (III):
freguesías de Pias e Riba de Mouro, Monção..... 9

CASTRO, M.L.
Aportacións á micobiota de Trás-os-Montes (V): «Parque Biológico de Vinhais» (II)..... 37

ALBIZÚA, T. & CASTRO, M.L.
Catálogo das ordes Leotiales e Pezizales (Ascomycota) e Boletales, Cantharellales, Geastrales e Phallales
(Basidiomycota) na «Senda da Auga» (Redondela, NO. España)..... 49

MELÓN, A. & CASTRO, M.L.
Agaricales na «Senda do río Eifonso» (Vigo, NO. España)..... 69

MELÓN, A. & CASTRO, M.L.
Boletales, Cantharellales e Polyporales na «Senda do río Eifonso» (Vigo, NO. España)..... 89

REQUEJO, O. & ANDRÉS-RODRÍGUEZ, N.F.
Aportacións ao coñecemento da biodiversidade de Myxomycetes (Amoebozoa)
de Galicia (NO. da Península Ibérica)..... 101

FRAGMENTA CHOROLOGICA GALLAECICA

GAREA, M. & REQUEJO, O.
Fragmenta Chorologica Gallaecica, Fungi 385-390..... 131

COMUNICACIÓNS

ALBIZÚA, T. & CASTRO, M. L.
Deseño de dúas rutas micolóxicas na «Senda da Auga» (Redondela, NO. de España):
descrición, proposta de sinalización e divulgación..... 137

ANDRÉS-RODRÍGUEZ, N. F. & REQUEJO, O.
Estado actual do estudo dos Myxomycetes (Eumycetozoa) en Galicia (NO. Península Ibérica) I:
Antecedentes históricos..... 145

CASTRO, M. L.
Clave xénero Pisolithus (Sclerodermataceae)..... 159

MISCELÁNEAS

Actividades do Grupo Micolóxico Galego. Ano 2021 167

Instrucións aos autores..... 169

GRUPO MICOLÓXICO GALEGO

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA